B2.14. Interese pola procura da información artística.	<p>EPB2.3.1. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre o contexto artístico e cultural para as súas producións.</p> <p>EPB2.3.2. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.</p> <p>EPB2.3.3. Procura imaxes en soporte dixital para as organizar e as transformar nunha produción propia (novela, historieta, cartel, mural, esquematización dunha lección da clase etc.).</p> <p>EPB2.3.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer expresións artísticas e culturais dos pobos do mundo.</p>	<p>CCEC CD</p> <p>CCEC CD CAA</p> <p>CD CAA</p> <p>CSC CCEC CD</p>	<p>1. Planifica, facendo un quión o que vai procurar.</p> <p>2. Sabe onde buscar a información que se lle pide.</p> <p>3. Valora a arte como un ben cultural.</p> <p>4. Presenta os traballos en tempo e forma.</p> <p>5. Presenta os traballos de maneiras diferentes.</p> <p>6. Sabe buscar imaxes libres de dereitos.</p>
B2.15. Interpretación da información.	<p>EPB2.3.1. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre o contexto artístico e cultural para as súas producións.</p> <p>EPB2.3.2. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.</p> <p>EPB2.3.3. Procura imaxes en soporte dixital para as organizar e as transformar nunha produción propia (novela, historieta, cartel, mural, esquematización dunha lección da clase etc.).</p> <p>EPB2.3.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer expresións artísticas e culturais dos pobos do mundo.</p>	<p>CCEC CD</p> <p>CCEC CD CAA</p> <p>CD CAA</p> <p>CSC CCEC CD</p>	<p>1. Sabe onde atopar a información solicitada.</p> <p>2. Presenta coas súas palabras a súa investigación aos demais.</p> <p>3. Aмосa un nivel aceptable de comprensión.</p> <p>4. Elabora un resumo coas ideas fundamentais.</p> <p>5. Analisa vídeos sinxelos dos que extrae as ideas básicas.</p>
B2.16. Inicio no uso dos medios audiovisuais e dixitais para a creación de obras plásticas.	<p>EPB2.3.1. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre o contexto artístico e cultural para as súas producións.</p> <p>EPB2.3.2. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.</p> <p>EPB2.3.3. Procura imaxes en soporte dixital para as organizar e as transformar</p>	<p>CCEC CD</p> <p>CCEC CD CAA</p> <p>CD CAA</p>	<p>1. Utiliza programas de ordenador nos que incrustemos fotografías.</p> <p>2. Fai collages utilizando o ordenador.</p> <p>3. Utiliza recursos libres de dereitos e se non é así sabe facer unha mención dos mesmos, respectando os dereitos de autor/a.</p> <p>4. Respecta o traballo dos demais.</p> <p>5. O seu traballo é proporcionado e limpo.</p>

CONTIDOS DE APRENDIZAXE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Comp. Clave	MÍNIMO ESIXIBLE
	nunha produción propia (novela, historieta, cartel, mural, esquematización dunha lección da clase etc.). EPB2.3.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer expresións artísticas e culturais dos pobos do mundo.	CSC CCEC CD	6. Coida o material. 7. Esfórzase facendo sempre todo o que pode.
B2.17. Establecemento de ordes e pautas para seguir.	EPB2.4.1. Organiza e planifica o seu propio proceso creativo partindo da idea, recollendo información bibliográfica, dos medios de comunicación ou da internet, desenvolvéndoa en esbozos e elixindo os que mellor se adecúan aos seus propósitos na obra final, sen utilizar elementos estereotipados, sendo capaz de compartir cos compañeiros e compañeiras o proceso e o produto final obtido. EPB2.4.2. Elabora bosquexos e deseños para axustar o proceso de creación individual ou en grupo, e presenta os traballos con orde e limpeza.	CSIEE CAA CSC CSIEE CAA CCEC	1. Planifica: materiais, pasos a seguir, idea fundametal, bosquexos... 2. Busca recursos na rede que lle axuden ao seu obxectivo. 3. É ordeado/a. 4. Comparte ideas cos demais e acepta opinións alleas. 5. Aмосa un bo nivel de autoesixencia e esforzo.
B2.18. Interese por axustar o proceso creativo ás intencións previstas, mediante bosquexos ou deseños.	EPB2.4.1. Organiza e planifica o seu propio proceso creativo partindo da idea, recollendo información bibliográfica, dos medios de comunicación ou da internet, desenvolvéndoa en esbozos e elixindo os que mellor se adecúan aos seus propósitos na obra final, sen utilizar elementos estereotipados, sendo capaz de compartir cos compañeiros e compañeiras o proceso e o produto final obtido. EPB2.4.2. Elabora bosquexos e deseños para axustar o proceso de creación individual ou en grupo, e presenta os traballos con orde e limpeza.	CSIEE CAA CSC CSIEE CAA CCEC	1. Planifica: materiais, pasos a seguir, idea fundametal, bosquexos... 2. Busca recursos na rede que lle axuden ao seu obxectivo. 3. É ordeado/a. 4. Comparte ideas cos demais e acepta opinións alleas. 5. Aмосa un bo nivel de autoesixencia e esforzo.
B2.19. Uso responsable de instrumentos, materiais e espazos.	EPB2.5.1. Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos. EPB2.5.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo. EPB2.5.3. Selecciona e utiliza as materias de forma apropiada e responsable, segundo as súas posibilidades plásticas e os resultados marcados.	CSC CSIEE CSC CSIEE CCEC CAA CCEC CSIEE	1. Trata de non desperdiciar o material. 2. Coida o material propio e alleo. 3. É xeneroso/a cos demais. 4. Ten unha mentalidade ecolóxica cando utiliza os materiais. 5. Deixa todo recollido cando remata a tarefa.
B2.20. Selección axeitada de materiais e espazos.	EPB2.5.1. Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos. EPB2.5.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo.	CSC CSIEE CSC CSIEE CCEC CAA	1. Planifica: materiais, pasos a seguir, idea fundametal, bosquexos... 2. Busca recursos na rede que lle axuden ao seu obxectivo. 3. É ordeado/a. 4. Aмосa un bo nivel de autoesixencia e esforzo.

CONTIDOS DE APRENDIZAXE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Comp. Clave	MÍNIMO ESIXIBLE
	EPB2.5.3. Selecciona e utiliza as materias de forma apropiada e responsable, segundo as súas posibilidades plásticas e os resultados marcados.	CCEC CSIEE	

TÁBOA 2: 4º E.ARTÍSTICA: PLÁSTICA: ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.

BLOQUE	Obsx	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización
1. Educación Audivisual.	e,j,b	B1.1. Comunicación das apreciacións obtidas por observación. B1.2. Elaboración de carteis con diversa información aplicando os coñecementos plásticos adquiridos. B1.3. Creación de imaxes para textos dados para secuenciar unha historia (romance, cantiga, ...).	1. Observación de obras de arte. 2. Facer un cartel utilizando calquera medio ou material 3. Ilustrar unha pequena historia ou conto.	Todos os trimestres e sobre todo cara o mes de abril (Día do libro) e Letras Galegas.
1. Educación Audivisual.	j,b	B1.4. Observación de materiais empregados nas obras plásticas. B1.5. Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medios de expresión de sentimentos e ideas. B1.6. Clasificación de texturas e tonalidades, e apreciación de formas naturais e artificiais, exploradas desde diferentes ángulos e posicións.	1. Clasifica texturas. 2. Identificar códigos artísticos nun cadro. 3. Observamos formas naturais e artificiais. 4. Lemos e unimos textos con imaxes.	Todos os trimestres.
1. Educación Audivisual.	j,e,i	B1.7. Interese por procurar información sobre as producións artísticas e por comentalas. B1.8. Indagación sobre as calidades de diferentes materiais e uso que se fai deles en distintas representacións. B1.9. Uso dos recursos dixitais na procura da información	1. Facer pequenas investigacións sobre un artista. 2. Facer pequenas exposicións sobre un artista. 3. Facer recompilación de imaxes libres de dereitos sobre épocas, estilos, etc.. relacionados coa arte.	Segundo trimestre.
1. Educación Audivisual.	j,e,b	B1.10. Valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan. B1.11. Comunicación das apreciacións obtidas dunha imaxe B1.12. Observación de elementos para estudo de escalas e proporcións. B1.13. Indagación sobre as maneiras de representar o espazo.	1. Analixar anuncios. 2. Analizamos o uso de xénero en películas de animación antigas e de hoxe. 3. Identificamos a perspectiva e o por que dos diferentes tamaños nas imaxes. 4. Identificamos os planos nun cadro.	Segundo trimestre.
2. Expresión artística.	j,b	B2.1. Procura das posibilidades da cor en contrastes, variacións e combinacións, apreciando os resultados sobre diferentes soportes. B2.2. Uso de diferentes texturas para as representacións (area, tecidos, papel etc.). B2.3. Exploración das calidades dos materiais e o tratamento non convencional destes (pintura espaxada, por chorro etc.). B2.4. Emprego de distintos soportes nas creacións. B2.5. Curiosidade por coñecer as posibilidades plásticas dos materiais. B2.6. Construción de móbiles,	1. Colorear usando só cores básicas. 2. Facer mesturas de cores. 3. Colorear con ceras, lápices de cores, rotuladores, témpera, ... 4. Colorear con programas informáticos. 5. Facemos monicreques con teas, con pauños de xelado, arxila... 6. Recortamos, pregamos e pegamos para obter figuras en 3D. 7. Facemos un pequeno teatriño para monicreques: tipo teatriño ou tipo televisión.	Todos os trimestres, e as actividades 5 a 8 segundo e terceiro trimestres.

BLOQUE	Obxs	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización
		estruturas e volume. B2.7. Construción de estruturas sinxelas para representacións teatrais.		
2. Expresión artística.	j,g,b	B2.8. Experimentación das dimensións e das proporcións dunha mesma forma en diferentes posicións. B2.9. Experimentación das posibilidades de representación con liñas grosas, finas, continuas, descontinuas e xeométricas. B2.10. Realización de fotografías: enfoque e planos. B2.11. Aplicación en producións propias de aspectos observados en obras artísticas. B2.12. Utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas.	1. Coloreamos utilizando liñas. 2. Coloreamos usando puntos. 3. Debuxamos composicións feitas con figuras xeométricas. 4. Resolvemos actividades Jclíc, Lim e xogos online. 75. Facemos reinterpretacións persoais de cadros famosos.	Primeiro trimestre 1 e 2. Terceiro trimestre 4, 5. Todos os trimestres 6. Segundo trimestre 7
2. Expresión artística.	i,j,b,d	B2.13. Compilación impresa e dixital sobre manifestacións artísticas. B2.14. Interese pola procura da información artística. B2.15. Interpretación da información. B2.16. Inicio no uso dos medios audiovisuais e dixitais para a creación de obras plásticas.	1. Visualizamos vídeos e resumimos oralmente ou por escrito os aspectos máis importantes. 2. Elabora pequenas presentacións sobre obras de arte ou artistas.	Primeiro e terceiro trimestres.
2. Expresión artística.	b,j	B2.17. Establecemento de ordes e pautas para seguir. B2.18. Interese por axustar o proceso creativo ás intencións previstas, mediante bosquejos ou deseños.	1. Anotamos ou facemos un esquema sobre os pasos a seguir para levar a termo a nosa idea. 2. Facemos bosquejos.	Todos os trimestres.
2. Expresión artística.	a,b,j	B2.19. Uso responsable de instrumentos, materiais e espazos. B2.20. Selección axeitada de materiais e espazos.	1. Facemos un esquema de todo o que imos necesitar antes de facer un traballo.	Todos os trimestres.

4. A AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación débese estender ao longo de todo o proceso educativo (**continua**) de forma **global** e **sistemática**; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

4.1. DIRECTRICES, CARACTERÍSTICAS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN. MEDIDAS DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

A avaliación terá que ter como fundamento a motivación e o reforzo positivo.

Sendo que a avaliación é continua temos que ter a posibilidade de facer modificacións sempre que sexa preciso. Farémola sobre todo prestando atención ás creacións propias: debuxos, modelado..., orais, traballos escritos usando ferramentas dixitais, utilizando a observación sistemática logo recollida nun caderno rexistro de anotacións..

Ao remate do proceso teremos que estimar os méritos. A avaliación aquí ten un carácter máis ben sumativo, será a avaliación do resultado. Igual ca antes realizaremos avaliacións dos traballos que se entreguen en tempo e forma.

A avaliación valerá para recoñecer as propias capacidades e habilidades artísticas e creativas así coma o seu nivel de desenvolvemento e o dos demais, para autoconñecerse e autoafirmarse; tamén poderán analizar posibles dificultades ou deficiencias; aprenderán a corrixir, compensar e mellorar.

4.2. INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN

Os **instrumentos** que empregarei:

1. **Inicialmente:** o expediente persoal, as entrevistas co profesorado anterior e coas familias.

2. **A observación diaria**, que me vai servir para rexistrar todo o que ocorre na sesión, estas observacións serán sistemáticas e continuas. Anotaremos tanto os traballos que se fan, como o xeito en que foron executado, conforme a unhas pautas dadas, así como a súa actitude: esforzo, formas de traballar, respecto en tódolos eidos, asistencia a clase co material que se lle solicite, etc.

3. **Situacións de avaliación propiamente ditas:** actividades integradas dentro da programación, por exemplo ó remate dunha unidade didáctica en curso. Aquí o alumnado aplica o aprendido. Os propios instrumentos serían: realización de traballos plásticos, traballos escritos usando ferramentas dixitais, pequenas exposicións orais...

4. **Rexistros ou probas obxectivas:** Rexistraranse diariamente aqueles datos que consideremos relevantes, sobre probas que se realicen. Avaliaranse conceptos, actitudes e procedementos.

***Os conceptos.** Poden avaliarse a través de postas en común onde reflexionemos sobre o traballo das sesións, deste xeito o aprendido toma significado. Utilizaremos un vocabulario específico que debe ser utilizado con soltura.

***Os procedementos.** Avalíanse, evidentemente, nas situacións normais de clase: cando crean os seus traballos: manexo de materiais, das cores, das ferramentas...

***Actitudes, valores e normas.** Avaliaranse de xeito non sistemático, pero existen situacións máis propicias para poder avaliar estes contidos: actividades complementarias, recreos, participación na clase, asistencia, comportamento...

Dicir que a asistencia regular a clase, co material, así coma un comportamento correcto de escoita e respecto polos demais e o material, serán importantes, así coma un mínimo esforzo segundo as posibilidades individuais.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe (da propia programación):

Non só debe avaliarse o proceso de aprendizaxe do alumno/a, senón tamén o proceso de ensino. Neste sentido, aos datos aportados pola avaliación continua dos alumnos será necesario engadir outros referentes á validez da programación das actividades, de ensinanza deseñadas, dos recursos materiais e persoais empregados, dos tempos e espazos previstos, da agrupación de alumnos, dos criterios de avaliación aplicados e da propia actuación do profesor.

A avaliación da intervención educativa debe ser continua, por iso, convén tomar datos ao longo do proceso para facer os cambios axeitados no momento oportuno. Polo tanto, na folla

de programación rexistrárase calquera cambio que afecte ao programado ou aquelas variantes e actividades que consideremos innteressantes, en relación co aspecto que se estea traballando.

Os instrumentos de avaliación que imos utilizar serán a análise de tódolos resultados obtidos ao avaliar ao alumnado: as súas creacións artísticas; as súas respostas orais; a súa execución na resolución das actividades; a súa participación-motivación nas clases... así como aqueles datos extraídos nas propias **reunións de avaliación** en que se fan observacións por parte de todo o equipo docente que intervén en cada grupo de alumnos/as. Eses outros puntos de vista noutras áreas poden axudar a introducir tamén cambios no noso traballo.

Remitímonos ao apartado “**atención á diversidade**”, onde se especifican as medidas de reforzo e apoio, así coma de recuperación.

4.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Entrega os exercicios.	5 0%
Esfórzase, tratando de desenvolver o traballo cunha corrección aceptable, a tempo e engadindo creatividade ao seu traballo.	1 5%
Atende en clase, cunha escoita activa sendo quen de seguir as instrucións para resolver as tarefas.	1 5%
Ten o material propio desta área e das actividades programadas para cada momento.	1 0%
Coñece os conceptos máis básicos da área de Expresión Plástica.	1 0%

5. BLOQUES DE CONTIDOS PARA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

5.1. Bloque 1. Educación Audiovisual

Este bloque tratará sobre todo de observar o arte, aprender a interpretar o medio que nos rodea e as creacións do ser humano.

Observaremos os espazos, os fondos, planos e a perspectiva.

Aprenderemos sobre as cores.

Aprenderemos a analizar as imaxes (publicidade, por exemplo) e as mensaxes que envían.

Aprenderemos o valor da arte e sobre artistas e a súa obra...

Aprenderemos sobre fotografía.

5.2. Bloque 2. Expresión Artística

Aprenderemos a planificar o traballo. Importante aplicar toda a teoría as nosas creacións. Agora nós somos os/as artistas e crearemos en dúas dimensións e en tridimensional.

Aprenderemos a cuadrricular para situar as nosas obras.

Modelaremos.

Utilizaremos as tecnoloxías para compoñer, colorear, crear carteis...

6. METODOLOXÍA

O alumnado deberá asumir o por que e para que das tarefas propostas, asimilando de xeito práctico os coñecementos sobre a contorna, as posibilidades dos materiais, etc. experimentando todo o posible con texturas, materiais, soportes, tecnoloxía...

O profesorado tratará de ser dinamizador e integrador, animando e guiando cara o descubrimento de novas opcións. A información basearase no proceso ou realización da actividade, máis ca no resultado da mesma.

As aprendizaxes deberían basearse na interacción do alumnado entre sí, con eles/as mesmos/as, coa contorna e co profesorado.

As actividades propostas suporán un reto axeitado ás súas capacidades e ó seu grao de evolución persoal.

Para crear unha certa querencia cara a arte, en todas as súas facetas, o mellor será que o alumnado se divirta nas clases, que as propostas sexan atractivas, pero tamén é o momento de aprender a saber estar, a escoitar e a coidar os espazos, os materiais, a respectar aos demais...

Procurarase axustar calquera proposta ao ritmo individual de cada un/unha. Non fixaremos metas idénticas para todos/as. Debemos coñece-la realidade de partida de cada rapaz/aza e permitir que sexa desenvolta segundo as súas posibilidades. Igualmente non se establecerán diferencias en función da aptitude, sexo ou calquera outra característica como norma xeral, excepto en casos en que problemas de aprendizaxe, problemas físicos, etc impidan facer as mesmas actividades dos demais. Entón as adaptacións de normas, materiais ou espazos faranse obrigadas.

Do mesmo xeito haberá unha flexibilidade nos plantexamentos da programación, posto que ao longo do curso pode verse afectada por multitude de circunstancias. Esta programación, polo tanto irá adaptándose a elas.

Favoreceremos o traballo en equipo, o compañeirismo e a colaboración, evitando a competitividade mal entendida, valorando os traballos dos outros como nos gustaría que valorasen os nosos.

Debería de favorecerse a autoaprendizaxe, para que sexan quen de organizar o seu propio traballo, planificando os pasos e os materiais.

Nesta área favoreceremos a creatividade e os métodos de busca, por enriba dos guiados, segundo imos avanzando en algúns dos apartados desta programación.

Ao inicio de cada sesión explicaremos o que imos facer, para que o/a neno/a comprenda os exercicios e asimile conceptos.

En caso de alumnado confinado as actividades comunicaranse por correo electrónico ou ben por a propia aula virtual do centro, entendendo, segundo o grao de restriccións establecidas que as opcións terán que ser múltiples xa que non sempre o acceso aos materiais pode ser sinxelo. Esta multiplicidade de opcións ten como motivación o buscar por todos os medios acadar resultados satisfactorios, elevar a motivación e lograr unha avaliación positiva.

Neste curso prestaremos tamén atención á celebración do día das artes galegas. Só coñecendo se valora e preserva a nosa riqueza cultural e artística.

7. AS COMPETENCIAS CLAVE E A EDUCACIÓN ARTÍSTICA (LOMCE):

A maneira de desenvolver as competencias clave desde esta parte da área de Educación Artística vai ser:

1.- Competencia en comunicación lingüística.

Desde a Educación Artística (plástica) temos que axudar a conseguir desenvolver esta competencia. As imaxes están compostas por códigos cunha intención. Descubrir esa intención faranos seres analíticos con alta capacidade de razonamento.

Dentro da propia área existe un vocabulario propio que iremos adquirindo pouco a pouco: técnicas, materiais, artistas, obras artísticas en todos os eidos.

Ao tempo será importante facer unha tradución dos nosos pensamentos e intencións a unha linguaxe, sobre todo composta por imaxes, cores, texturas... Ser quen de comunicarnos por este medio é o obxectivo fundamental.

2.- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

Trátase de percibir o código da imaxe que trata de influír. A imaxe trata de facernos consumir, afecta ao medio natural de modo moi negativo. Estamos rodeados/as de carteis, de luminosos, folletos publicitarios a toda cor, anuncios, gráficos... en medios de comunicación e en Internet que tratan de facernos pensar segundo unha ou outra corrente... Saber xestionar todo este fluxo de información é fundamental para que sigamos conservando un certo nivel de liberdade. Importante aspecto é non deixarse levar polas modas, hábitos externos perxudiciais... Interesa formar unha autoimaxe adecuada para non sufrir desaxustes que lle poidan causar problemas.

3.- Tratamento da información e competencia dixital.

Trátase de analizar criticamente as mensaxes que proveñan do medio, sobre todo publicidade, cine, nos medios de comunicación e na Internet. Neste último caso importantísimo é o coidado dos contidos aos que acceden. Crear consumeristas cada vez máis conscientes do que fan e non unicamente consumidores sen sentido. Asemade temos á man certos medios de información que procuraremos utilizar para completar as aprendizaxes: teléfonos intelixentes, tabletas, portátiles, pizarras Interactivas, proxectores, bibliotecas dixitais.

4.- Competencia Cultural e Artística.

Formar persoas creativas é o outro gran obxectivo. Exploramos o arte e aprendemos a valoralo, sendo como é o noso patrimonio pasado, presente e para as futuras xeracións. Aprendemos a usar a rede para investigar. Dentro da rede podemos viaxar dentro dunha pirámide ou dun museo... A linguaxe artística proporciona ferramentas para comunicar sentimentos e ideas e para analizar criticamente as que nos golpean cada día.

5.- Competencia Social e Cidadá.

A arte está por todas partes, aínda que ás veces non se vexa ou non nos deamos conta. Facemos conscientes de que está aí, unhas veces para expresar ideas, outras veces para representar unha protesta.

As tecnoloxías fan que poidamos acceder ao arte a nivel mundial, polo que nos faremos máis tolerantes. O coñecemento fainos libres e a un tempo todo o estrano faise habitual. Este estudo das manifestacións artísticas nun mundo global vai conseguir que sexamos mellores cidadáns que entendan a paz e a tolerancia como única forma de vida desexable.

Cando enviemos mensaxes debe ser dun xeito responsable, pensando sempre nas consecuencias dos nosos actos.

Respectar o traballo alleo, tendo claros os dereitos de imaxe e autor será outro punto a ter en conta.

6.- Competencia para aprender a aprender.

Temos que coñecernos a nós mesmos e mesmas, este é o paso para unha vida social axeitada. Cantas máis actividades entren en contacto con nós moito mellor desenvolvemento psico-biolóxico e madurativo, podendo logo superar maiores metas por aprendizaxes comprensivas e interiorización de todo o que vaiamos aprendendo. Por eso esta área é un auténtico laboratorio de ensaio con materiais e medios. O punto central desta competencia desde a educación artística vai ser a creatividade, buscando solucións orixinais ás tarefas propostas, unha vez haxa unha serie de conceptos e técnicas asimiladas. Cando planificamos aprendemos a organizarnos e a poder levar, ás postas en común, as ideas perfectamente claras.

7.- Autonomía e iniciativa personal.

Estruturar a nosa mente e a organizarnos mellor, así como explorar vías creativas diante de calquera atranco. A través das propias creacións e das postas en común melloraremos a autoimaxe e a autoestima. Saberemos que si podemos e que o noso traballo vai ser posto en valor, sexa ou non o ideal.

Cando planificamos aprendemos a organizarnos. Coa mente clara podo enfrontar cun certo horizonte de éxito a tarefa que se me plantexe. Aquí adquirimos autonomía e orde.

8. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cada alumno/a teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. No centro non temos casos dunha complexidade tal que impidan o normal desenvolvemento das sesións de clase. De todos xeitos, sería necesario fixar a atención e seguir, ao meu modo de ver, o que a continuación se redacta:

1.º Facilitar, consolidar e desenvolver a socialización e integración do alumnado, o que significa ensinarlle a aprender a convivir e a comportarse adecuadamente en grupo, a ser solidario/a, a cooperar e a respectar as normas; para isto será bo establecer axudas ou estruturar de modo máis estricta os espazos e traballos.

2º. Planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e acción tutorial que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

Asemade os apoios por parte de profesorado asignado desde o Departamento de Orientación, axudará a todo aquel alumnado que o precise.

Seguimentos e plantexamentos individualizados. Procuraremos actividades que redunden nunha autoestima positiva e axeitada do alumnado afectado, con momentos en que se sintan valorados e integrados no grupo. O máis importante é evitar a frustración, animando sempre a seguir adiante. Os reforzos positivos usaranse con todo o alumnado, pero sobre todo co alumnado con nee.

A adaptación curricular para o alumnado que amosa un ritmo de aprendizaxe máis lento supón cambios metodolóxicos: nos estilos de ensino, no tempo de aprendizaxe das tarefas, na adecuación das dificultades, no tipo de materiais, etc. podendo chegar a modificar os obxectivos do currículo ordinario, plantexando outros individuais e alcanzables por eles.

Pola contra aqueles/as que amosan un progreso rápido deberemos plantexarlles metas máis elevadas, pedirles en que aspecto queren profundar máis ou implicalos en programas de acción tutorial con compañeiros/as con dificultades.

O uso frecuente do **feedback** individual sobre a execución e os resultados das actuacións do alumnado, xunto coa aportación de sucesiva información complementaria axudaranos a ir individualizando o proceso de e-a.

Se concretamos algo máis teremos as seguintes pautas para a atención ao alumnado con **n.e.e.**:

1. Avaliación inicial:

- Cal é a necesidade á que nos enfrontamos: visual, auditiva, de comprensión, de mobilidade...
- Información do entorno: familia, colexio, amigos,...., gustos e intereses.
- Cómo afecta a necesidade á clase (e as súas experiencias previas nas actividades artísticas)

2. Plan de actuación:

- Estratexias para as sesións: Adaptar a linguaxe e reducir o número de ordes, dar a información por canles diferentes segundo o caso, cambiar o material...
- Equilibrio entre o traballo individual e grupal combinando tamén os intereses do/a alumno/a e do profesorado.
- Relación e contacto permanente con outros profesionais que interveñan co alumnado en cuestión: médicos, fisioterapeutas, psicólogos...

3. Avaliación do proceso

Sempre importante para reorientar ou non a nosa programación.

En todo caso o número de experiencias educativas será abundante e variado, asegurando así experiencias positivas enriquecedoras en moitos dos casos. É posible atender así a moitos centros de interese e chegar aos obxectivos con máis facilidade.

Evitarase por todos os medios a frustración.

As actividades grupais, en parella, atenderán ao eido de socialización do alumnado, contribuíndo á súa integración social, sendo neste momento importantísimo manter unha distancia de seguridade polo ben de todos e todas.

No caso de alumnado con dificultades os criterios de avaliación serán máis flexibles. En casos en que isto non sexa suficiente procederemos a unha ACS.

9. A EDUCACIÓN EN VALORES. OS EIXOS TRANSVERSAIS E A FORMACIÓN CÍVICA.

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos de ensino-aprendizaxe que están presentes en todas as áreas, tamén na artística.

As **liñas mestras de intervención** que conforman a educación en valores poden ser as seguintes:

- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre persoas e grupos, desenvolvendo actitudes básicas para a participación comprometida na convivencia, a liberdade, a democracia e a solidariedade.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- Crear unha autoestima axeitada.
- Apreciar os roles sexuais e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas.
- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres. Aplicamos aquí o reflectido no plan de igualdade, dando o mesmo peso ao traballo e responsabilidades de nenos e nenas e utilizando unha linguaxe

coeducativa e de igualdade.

- Coñecer, valorar e respectar os dereitos humanos, como base da non discriminación, o entendemento e o progreso de todos os pobos.
- Adquirir respecto cara aos seres vivos e o medio, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible. Coidar moito o material dándose conta do que supón a nivel ecolóxico o mal uso do mesmo, participando decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais, utilizando instrumentos de análise e crítica necesarios para construír unha opinión propia, libre, xusta e democrática.
- Proporcionar os instrumentos de análise e crítica necesarios que permitan unha opinión e actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, por iso se procederá a unha análise crítica da publicidade, do cinema, etc.
- Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, respecto e participación cara ás demais culturas da contorna ou doutros lugares máis alonxados.
- Valorar a interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

10. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DA COMPRENSIÓN LECTORA: CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

A **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, na **exposición de motivos** e nos seus **artigos 16.2, 17 e), 19.2 e 19.3**, establece o seguinte:

- Unha das finalidades da Educación Primaria é a adquisición das habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral e á lectura.
- Os alumnos e alumnas deben desenvolver hábitos de lectura.
- A lectura debe traballarse en todas as áreas do currículo.
- Coa fin de fomentar o hábito de lectura dedicarase un tempo diario a ela.

De igual modo, o **Decreto 130/2007, do 28 de xuño**, polo que se establece o **currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**, establece que:

- Sen perxuízo do seu tratamento específico nalgunha das áreas da etapa, a comprensión lectora e a expresión oral e escrita traballarase en todas as áreas (**artigo 6.3**).
- Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector que asegure como mínimo media hora diaria (**artigo 6.4**).

A lectura estará presente en todas as áreas da Educación Primaria. Por eso, o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados a través das actividades específicas de todas as áreas.

Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Na educación artística-plástica leremos artigos ou pequenos textos sobre artistas e obras de arte, dos que deberán entender as ideas fundamentais e adquirir o vocabulario propio da área.

É moi importante a elección dos textos cos que se vai traballar. Estes han de ser

motivadores e axeitados ao nivel dos lectores.

Elixiremos os textos en función dos seguintes criterios:

- Grao de maduración do proceso lector.
- Elección de temas atractivos e interesantes para os/as rapaces e rapazas.
- Textos variados en canto a contidos: prensa, textos na rede, textos de cadernos...
- Elección do tipo de letra axeitada.
- Ilustracións atractivas e motivadoras.
- Apoiados por presentacións que se proxectarán en pantallas ou en pizarras dixitais.

11. AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

A **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, establece como obxectivo da **Educación Primaria** *"Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran"*.

De igual modo, o **Decreto 130/2007, do 28 de xuño**, polo que se establece o **currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**, establece que *"os centros docentes elaborarán e aplicarán un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación (artigo 6.5)*.

As tecnoloxías da información e a comunicación constitúen unha ferramenta cotiá nas actividades de ensino e aprendizaxe das diferentes áreas, así como un instrumento de traballo para explorar, analizar e intercambiar información.

O obxectivo que se pretende alcanzar ao finalizar a escolarización obrigatoria é a consecución por parte do alumnado de **competencia dixital**.

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das **TIC** como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Faremos uso das TIC das seguintes maneiras:

1. Exposición das nosas sesións apoiada nas novas tecnoloxías (Encerado Dixital Interactivo, ordenadores con proxectores e pantallas murais...)

Mediante o uso do ordenador o/a mestre/a mellora a exposición dos contidos ao ilustrar con maior claridade algúns conceptos e presentalos de forma máis atractiva. Ao mesmo tempo, coa utilización das novas tecnoloxías pódese mellorar a motivación cara á aprendizaxe da materia e cara ao uso de recursos informáticos. En moitas das aulas dispomos de proxectores e pantallas de proxección así como pizarras dixitais interactivas para poder completar as nosas aprendizaxes. Así mesmo funciona a aula de informática na que podemos reservar momentos nos que acudir co alumnado.

2. Iniciación á informática do alumnado:

Preténdese transmitir os coñecementos básicos necesarios para poder utilizar as tecnoloxías. Os contidos elementais que se deben desenvolver na aula son:

- Utilización dos compoñentes básicos do contorno gráfico do ordenador.
- Apertura e peche de aplicacións.
- Creación dun documento novo.
- Gravación e recuperación de documentos.
- Acceso á información contida nun CD, ou pen drive.
- Acceso a páxinas web.
- Impresión de documentos.
- Utilización do disco duro e uso de dispositivos externos.
- Utilización de navegadores.
- Edición de documentos mediante procesadores de texto.
- Elaboración de presentacións multimedia.
- Utilización dun buscador.
- Realizar actividades interactivas colgadas na Rede, véxase actividades **JCLIC, LIM,...**
- Envío e recepción de mails.
- Manexo da aula virtual do centro...

3. Exercitación mediante programas educativos

Utilizamos programas que permiten a interactividade e a creatividade por parte do alumnado, favorecendo un uso das novas tecnoloxías con máis posibilidades educativas.

4. Utilizar os medios tecnolóxicos para investigar

Trátase de fomentar a *aprendizaxe activa* e o máis autónoma posible por parte do alumnado, que se ve confrontado a tomar decisións en torno a como proceder na aprendizaxe, que recursos utilizar, como seleccionar e elaborar a información atopada, como presentar o produto resultante, etc. En cada ordenador da aula de informática hai unha boa morea de cartafoles na barra de tarefas con enlaces educativos de todo tipo e referentes a todas as áreas.

Na **páxina web** do centro temos tamén unha serie de **blogues enlazados** nos que o profesorado da acceso a tarefas e propostas ao alumnado e familias e asimesmo o acceso á **aula virtual do centro**.

13. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

A primeira premisa é que tódalas áreas deben contribuír á mellora da competencia lingüística.

Desde a Educación Artística propomos os seguintes puntos:

1. Alcanzar a corrección lingüística.

- Respecto polas normas ortográficas: escrita de letras, tildes, puntuación.
- Corrección léxica e gramatical: vocabulario axeitado, evitar repeticións e muletñas, concordancias...
- Presentación nos escritos con boa caligrafía, pulcritude, marxes adecuadas, separación entre parágrafos e de títulos.
- Entregar os traballos dentro dos prazos.

2. Mellorar a habilidade da comprensión de textos:

Empregaremos diferentes fontes e tipoloxías textuais (programas de radio e televisión, visionado de montaxes audiovisuais: vídeos, material multimedia, películas..., anuncios publicitarios orais, cancións, etc...

Os exercicios de comprensión lectora serán sobre temas artísticos. Podemos facer preguntas de elección múltiple, de preguntas incompletas, de desenrolo longo, de unión, de agrupar e clasificar por categorías...

3. Mellorar a expresión oral e escrita:

O alumnado deberá producir pequenos textos escritos, axeitados á área. Usará, sempre que sexa posible os medios tecnolóxicos.

O alumnado tamén poderá facer pequenas exposicións sobre un tema dado: resumos de biografías, estudo de monumentos... pintores/as, sentimentos, ...Expresar sentimentos que provocan determinadas situacións e imaxes, debates...

4. Utilización de bibliotecas dixitais con diversos fins:

- Elaboración de traballos de investigación: buscar no dicionario, obter respostas guiadas en temas que se estean traballando nas sesións.
- Indagar tamén en Internet, en webs diversas, nos mesmos termos anteriores.
- Os textos sempre adaptados á idade e capacidade do alumnado.

5. No Centro cúmprese co 50% de horario adicado a cada unha das linguas oficiais.

14. SENSIBILIZACIÓN DA COMUNIDADE ESCOLAR NA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES.

Dentro da aula de do traballo de plástica conmemoraremos datas significativas que teñen que ver co respecto pola muller: día da muller traballadora, día contra a violencia de xénero, día dos Dereitos Humanos... usando filmes, vídeos e presentacións en que este tema quede patente. Sobre os mesmos tamén comezaremos a establecer pequenos debates, entre outras actividades

As relacións entre os dous xéneros basearanse no respecto e valoración mútuas. Temos que dar a coñecer a todo o alumnado as normas de funcionamento da aula. Temos que ensinar o poder da palabra e a que sempre que falemos de nenos, homes, etc, o mesmo peso ten que ter o vocabulario referido ás mulleres.

O obxectivo básico será que homes e mulleres, nenos e nenas cheguen a ter as mesmas oportunidades nun futuro, para eso teremos en conta o seguinte:

1. A linguaxe será sempre coeducativa.
2. As responsabilidades serán repartidas por igual.
3. Estudaremos artistas de ambos xéneros por igual e trataremos de facer visibles aquelas que quedaron agochadas detrás dun home por causa do tempo que lles tocou vivir.

Calquera problema será posto en coñecemento das familias na hora de titoría, telefonicamente ou telematicamente vía mail, páxina web do centro ou blogues que se enlazan na mesma. O contacto entre familia e escola debe de ser permanente. A educación dos/as máis cativos/as é cousa de todos/as, polo que as actuacións non deberían de diverxer.

15. RECURSOS: espazos e materiais.

O material terá que manter un bo estado durante todo o curso: regras, cores, lápices, goma, pegamento...

O mobiliario e espazos do centro son cousa de todos e todas, por eso teremos que coidalo. Calquera que dane materiais, individuais ou non, espazos ou mobiliario terá que proceder á súa reparación ou reposición, en caso de perda.

Os recursos didácticos que empregaremos durante o curso basicamente son:

- A pizarra tradicional: branca. Cada alumno/a terá material individual para saír á pizarra.
- A pizarra dixital interactiva.
- Ordenadores persoais da aula de informática.
- A Internet.
- Xogos educativos interactivos.
- Software libre: procesadores de textos, etc.
- Cadernos de observación do profesorado
- A contorna próxima ao Centro Escolar.
- Fichas de todo tipo, se pode ser de carácter dixital.
- Vídeos, presentacións e fotografías de toda clase, en formato dixital.
- Correos electrónicos.
- Páxina web do colexio.
- Blogues educativos que se enlazan desde a páxina anterior.
- Aula virtual do colexio.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este ano as celebracións serán de xeito conxunto entre toda a comunidade educativa, sin separación de espazos nin de alumnado.

Dentro da nosa área haberá determinados momentos do ano que sempre foron especiais : Samaín, Magosto, Entroido, Nadal, actividades medioambientais, de igualdade...